

## **COMUNICADO DE PRENSA**    O CARBALLIÑO 11/7/18

**CADA ÁRBORE NOVA DA AVD. JULIO RODRIGUEZ SOTO, CUSTOU 534,55€, MAIS DUN 300% SUPERIOR AO PREZO REAL**

**NON EXISTE PROCEDEMENTO ADMINISTRATIVO ADECUADO Á LEGALIDADE.**

**A CONCELLEIRA ERIKA PAZ, OCULTOU DESCARADAMENTE O FEITO DE NON ACUDIR A EMPRESAS LOCAIS PARA O SUMINISTRO DESTAS ÁRBORES.**

Unha vez analizada a documentación da que dispoñemos no grupo Popular do Concello do Carballiño, podemos afirmar o seguinte:

As árbores novas plantadas nun tramo da Avda. Julio Rodríguez Soto, foron compradas a unha empresa de xardinería de Ourense e non do Carballiño como afirmou publicamente a concelleira Erika Paz, e o seu importe foi de 9.900 euros para a totalidade das 25 árbores substituídas, dando un prezo unitario de subministro de 396,00 €/m<sup>2</sup>.

A este prezo se lle ten que sumar a colocación das mesmas que neste caso si que foi a unha empresa do Carballiño e por importe de 3.463,63€, dando un prezo unitario de 138,55€, dando así un prezo total de árbore subministrada e colocada de 534,55€/ud.

A concelleira Erika Paz en comparecencia pública falou de que a obra fora realizada por empresa do Carballiño, ocultando descaradamente que o subministro das árbores se fixo por medio dunha empresa ourensán e que ningún dos empresarios do sector existentes no Carballiño, da mesma condición que o contratado, non foron nin chamados a consultar o prezo.

Quen si que consultou con empresarios de Carballiño e acudiu a dous viveiros distintos a facer consultas foi o Grupo municipal do Partido Popular, e o que se nos di en todos os casos, é que o prezo real para subministro de arbores iguais ás novas colocadas na Avda. Julio Rodríguez Soto, varía entre os 100€ e os 150€. Prezo moi inferior ao contratado a unha empresa foránea por 396,62 €. E a colocación serían 50€ mais, moi inferior os 138,55€ contratados.

A concelleira Erika Paz, OCULTOU DESCARADAMENTE, o feito de que se contrataran a dúas empresas, unha de subministro e outra de colocación, e reiterou en varias ocasións que esta era do Carballiño, e que nos, os populares estabamos en contra das empresas do pobo, CANDO FOI ELA A QUE SOBREPAGOU CADA ÁRBORE MAIS DUN 300% DO SEU PREZO A UNHA EMPRESA FORÁNEA.

Dicir tamén que estas contratacións non cumpren coa legalidade, pois de entrada se detecta un fraccionamento do obxecto do contrato, e por outro, o realizado para subministro, tería que ser contratado por outro procedemento distinto á consecución de 3 orzamentos (por certo, sen sinatura nin solicitude formal de petición previa) e deberíase facer con proposta con prezo tope de referencia e informe de secretaría facendo competir de forma pública ás empresas interesadas

Tampouco é menor o feito de que exista un informe de técnico alleo ao Concello pois non está en nómina e que asina as recomendacións de substitución en febreiro do 17 como técnico de medio ambiente.

Seguimos sen saber da totalidade do lugar actual das árbores sacadas do seu lugar, pois a suma das recolocadas que son unhas 8 mais as que estaban depositadas na finca dunha concelleira eran aproximadamente outras 8, aínda faltan ata as 25 unidade totais, e que tratamento se empregou.

Por último, e isto debería de saberse, dicirlle aos veciños, que substituír cada camelia que estaba enferma por outra de crecemento similar ás que existían tería un coste máximo de 100€, e o que se fixo foi gastar 574,17€ non só polo cambio de cada planta enferma, senón que pola totalidade das 25 árbores. Gastáronse 13.343,63€, cando con 800€ se resolvería cambiando so camelias enfermas por sanas do mesmo tamaño.